

ANUNCIO

Con data 20/03/2024 ditouse Resolución de Alcaldía número 156/2024 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ASISTENTE/A SOCIAL, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía núm. 695/2022, do 26 de decembro, aprobáronse as bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición do concello de Cedeira, correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 aprobada mediante Decreto 262/2022 de 26 de maio e modificada polo decreto 285/2022 de 6 de xuño.

Resultando que por Resolución de Alcaldía núm. 697/2022, do 27 de decembro, aprobáronse a convocatoria e bases específicas reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición do concello de Cedeira, correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 aprobada mediante decreto 262/2022 de 26 de maio e modificada polo decreto 285/2022 de 6 de xuño.

Visto que ambas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 247 de 30 de decembro de 2022.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de Asistente/a Social, persoal laboral fixo ao 100 % da xornada polo sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal:

EXCLUÍDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA
MESIA FRAGA SOFIA	**679****	Falta a parte de atrás da Titulación académica esixida(Base 4ª das Bases específicas)
PEREZ PIÑON MARIA LUISA	**418****	Falta Instancia en modelo establecido como anexo á bases específicas (Base 4ª das Bases específicas)

Segundo.- Outorgar un prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión (Base 14ª das Bases xerais)

Terceiro.-Publicar a presente listaxe no Boletín da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe”.

Cedeira, asinado dixitalmente ao marxe.

O Alcalde.- Pablo Diego Moreda Gil